



Recurso nº 205/2023

Resolución (outras) nº 28/2023

En Santiago de Compostela, a 13 de decembro de 2023

VISTO a solicitude de aclaración do Concello de Camariñas en relación coa resolución 210/2023, no recurso arriba citado, este Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adiante), adoptou por unanimidade a seguinte resolución no día da data:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. En data 04.12.2023 o Concello de Camariñas remite un escrito onde solicita aclaración en relación coa resolución 210/2023 dimanante do recurso 205/2023.

Segundo.- Tal resolución foi ditada polo TACGal o 29 de novembro de 2023 e notificada nesa data.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A LCSP, ao regular o recurso especial non recolle a posibilidade de solicitar aclaracións, pois só menciona no artigo 59.3 a posibilidade de solicitarse rectificación de erros materiais, de feito ou aritmético.

Só o Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia





contractual, regulamento anterior a tal lei e que pervive no que non se lle opoña, menciona no artigo 32 a posibilidade de solicitar a aclaración dalgún punto escuro, dentro do prazo de tres días hábiles desde a notificación da resolución.

Visto que a resolución se notificou no mesmo día da súa data, o 29.11.2023, a petición de aclaración, o día 01.12.2023, estaría no prazo previsto, polo que procede sinalar o seguinte.

En primeiro lugar, a petición de aclaración, en realidade, se acerca máis ao que sería unha solicitude dun informe xurídico de como proceder unha vez resolto polo TACGal o recurso especial, o cal claramente excede dunha petición de aclaración, correspondendo, no seu caso, o asesoramento en dereito desa Administración a quen legalmente ten atribuída dita función.

Efectivamente, a función do TACGal é de estrita revisión da actuación impugnada e en base ao exposto no recurso que se formula, correspondendo ao órgano de contratación as decisións que se deban adoptar en dereito tras o resolto por este Tribunal, sen que este TACGal poida pronunciarse ao respecto de actuacións futuras, agás formulación despois contra elas de recurso especial. Polo demais, tampouco se observa nin se achega escuridade nunha Resolución que se considera clara nos seus termos e na súa parte dispositiva, referida exclusivamente -reiteramos- ao debate exposto polo recorrente.

En todo caso, indicar simplemente que este Tribunal xa se pronunciou en anteriores ocasións sobre a cuestión aquí exposta polo Concello, como na Resolución 124/2018, en canto no expediente remitido a este TACGal non consta se procedese á valoración da oferta técnica do recorrente nin á apertura do seu sobre C.

Todo o cal se comunica aos efectos oportunos.

O PRESIDENTE, Tomás Otero Ferreiro. A VOGAL-SECRETARIA, Ana María de Frutos Martínez, O VOGAL, Jesús María García Blanco.

